

## Orzamentos

Para poder poñerse mans á obra non nos queda outra que falar de cartos, pero non vos asustedes porque hoxe en día a tecnoloxía é moi barata e gastando ben pouco adquirese un bo material que durará moitísimos anos na vosa escola.

Home | Orzamentos

# Orzamentos

En moitas ocasións os cartos determinarán o tamaño e as posibilidades da nosa radio, sen embargo podemos dicir que hoxe en día trátase dunha inversión pírrica en comparación cos beneficios que aportan ao centro escolar e a toda a comunidade educativa. Sen investir moitos cartos poderemos optar a produtos de moi boa calidade e longa duración.

**Nós non somos unha empresa**, nin un negocio polo que non vendemos material nin tampouco temos un acordo con tendas concretas. O que si que facemos son recomendacións para que poidades mercar a vosa radio escolar do xeito máis económico, fiable, cómodo e rápido posible. Por esto, todos os orzamentos que poden aparecer nesta web, estarán determinadas pola fluctuación dos precios do mercado, a dispoñibilidade de determinados produtos e o momento do ano no que se pode facer a compra.



Nós recomendamos facer sempre a compra en tendas locais para fomentar a nosa economía, sen embargo tamén somos conscientes das economías dos centros escolares e do pouco tempo que se lle pode adicar a solicitar distintos orzamentos e consultar a varios profesionais, polo que senón dispoñedes de tempo e cartos, por aforro e comodidade recomendamosvos que merquedes nunha tenda *online*. Existen moitas tendas especializadas en contido musical en Internet aínda que sen dúbida as mellores son tres almacéns que se atopan en Alemaña: [Music Produktiv](#), [Music Store](#) e [Thomann](#). Todas elas teñen asistencia telefónica en castelán, devolución dos produtos gratuitos, diversas formas de pago (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, contrarreembolso...) coa factura correspondente e os envíos acostuman a chegar entre 3 e 5 días.

Existen dúas posibilidades de orzamento para montar unha radio con garantías, calidade e durabilidade nun centro escolar, onde o uso dos materiais adoita ser intensivo por parte do alumnado: a **mínima** garantizada e a **óptima**.

Dende ESPORA recomendamos a **opción óptima**, que conlevaría cinco micrófonos: catro para a mesa do faladoiro e un para a mesa de control e unha mesa de mezclas USB que permita engadir máis micros no futuro.

Non se inclúe neste orzamento un ordenador, xa que non é necesario mercalo novo, para gravar audio non hai especificacións mínimas, calquer ordenador serve. O editor de audio será o Audacity de software libre.

APARELLO	DESCRICIÓN	MODELO	PVP UD.	UNIDADES	IMAXE	PRECIO
<b>MESA DE MESTURAS</b>	Mesa de mesturas con opción USB	Behringer Xenyx X1222USB	233€	1		233€
<b>MICRÓFONOS</b>	Micos dinámicos de tipo cardioide cunha construción robusta e sen interruptor on/off	T.bone MB75 Beta	44€	5		220€
<b>ACCESORIOS DE MICRÓFONOS</b>	Antivento de cores set de cinco unidades	T.bone widescreen set WS5	11,90€	1		11,90€
	Cable de micro XLR azul	SM6BL	5,70€	1		5,70€
	Cable de micro XLR amarelo	SM6YE	5,70€	1		5,70€
	Cable de micro XLR vermello	SM6RD	5,70€	1		5,70€
	Cable de micro XLR laranxa	Cordial CTM 5 FM-OR	18,40€	1		18,40€
	Pé de micro para a mesa de faladoiro	Superlux HM-6	11€	4		44€
	Pé de micro de xirafa con cable de micro XLR para a mesa de mesturas	Millenium MA- 2050	40€	1		40€
<b>AURICULARES</b>	Auriculares diadema semiabertos de estudio	Superlux HD-681	23,90€	5		119,50€
	Distribúe e amplifica catro auriculares	Beringher HA400	29€	1		29€
	Cable distribuidor de auriculares permite conectar a saída de auriculares da mesa ao distribuidor e a un quinto auricular	Cordial CFY 0.3 VKK	11,90€	1		11,90€
	Cable jack-jack estéreo. Conecta o distribuidor de auriculares coa saída da mesa a través do cable anterior. É fundamental que sexa ESTÉREO.	The sssnake SPP2050	4,77€	1		4,77€
<b>CABLES</b>	Cable minijack estéreo -> 2x Jack mono. Conéctase á saída de audio do ordenador a unha canle estéreo da mesa de mesturas para poñer música.	The sssnake YPK2030	3,77€	1		3,77€
<b>TOTAL</b>						<b>748,79€</b>

Podes descargar o seguinte orzamento en PDF, premendo [aquí](#).

\* Precios actualizados en outono de 2024 nas tenda online Thomann e Amazon.

\*\* A opción de orzamento mínima rondaría os 400€

\*\*\*Se tedes algunha dúbida escribídenos mediante o noso contacto ou ben ao mail [ola@espora.eu](mailto:ola@espora.eu)